



Expediente número: 2660/2017

**Sesión Ordinaria 05/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 3 de maio de 2017**

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 4/2017 do 30/03/2017
2. Dar conta do Estado de Execución do cuarto trimestre do ano 2016
3. Dar conta do Estado de Execución do primeiro trimestre do ano 2017
4. Inclusión no Inventario Municipal de Bens da Cesión parcela na Xunqueira.
5. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 7.467,84 €
6. Nomeamento do Persoeiro do Ano 2017
7. Actividades de control do pleno.
 - 7.1 Dar conta das resolucións de alcaldía.
 - 7.2 Solicitudes de comparecencia.
 - 7.3 Mocións.
 - 7.4 Rogos e preguntas.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 27 de abril de 2017, e sendo as vinte horas do 3 de maio de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Isaac Borja Araújo Figueroa, Ricardo Figueroa Rodríguez, Jose Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamaríña Rivera, e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

O Alcalde fai un receso ás 22:20 horas e reanúdase a sesión ás 22:40 horas.

Retírase a moción do PsdeG-PSOE sobre o parque infantil de Chapela.



1.Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 4/2017 do 30/03/2017

Dáse conta do borrador da acta da sesión plenaria de carácter ordinaria número 4/2017 do 30/03/2017

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO manifesta o erro material no punto 5.3.6 da moción debatida sobre concerto para financiar servizos públicos básicos de Galicia, na súa intervención cando se recolle *que a recadación do Estado en Galicia é duns 11.000 millóns de euros e somentes se reinvirten uns 7.000 euros*, debe dicir *somentes se reinvirten uns 7.000 millóns de euros*.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos, coa corrección do erro material, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

2. Dar conta do Estado de Execución do cuarto trimestre do ano 2016

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-19.04.17.2 de data 19 de abril de 2017 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 4º Trimestre do ano 2016, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do concello de Redondela.

O Pleno do Concello queda informado.

3. Dar conta do Estado de Execución do primeiro trimestre do ano 2017

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-19.04.17.3 de data 19 de abril de 2017 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 1º Trimestre do ano 2017, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do concello de Redondela.

O Pleno do Concello queda informado.

4. Inclusión no Inventario Municipal de Bens da Cesión parcela na Xunqueira.

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio na súa sesión do día 21/04/2017 que di:

“ASUNTO: INCLUSIÓN NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS DA CESIÓN PARCELA NA XUNQUEIRA SEGUNDO CONVENIO ASINADO CON UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN.

Pola presidencia dase conta da proposta do alcalde de 20/04/2017 do seguinte tenor:

“Considerando que o 06/09/2016 foi asinada ante o notario de Redondela JORGE RON LATAS, a escritura nº 635 pola que se formalizaba a cesión da superficie

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



resultante da execución das obras de soterramento das instalacións situadas na antiga Axencia de Redondela ubicada no Paseo da Xunqueira nº 6 coa constitución da servidume correspondente de acordo co convenio asinado o 19.12.2014 entre UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA (UFD) e o Concello de Redondela.

Resultando que a finca cedida é a seguinte:

DESCRICIÓN: Finca denominada "LEIRA DE LA JUNQUERA" o "FERIA", sita no Paseo da Xunqueira 6, da vila e concello de Redondela (Pontevedra), de trescentos trinta e seis metros cadrados de superficie, aínda que no título, erróneo, segundo manifestan, figura cunha cabida de trescentos trinta e tres metros cadrados. LINDA: polo NORTE, coa ribeira do río Alvedosa; polo SUR, con outro río que ven a fluír no ángulo que di entre o Norte e o Oeste co citado río Alvedosa, en realidade Paseo da Xunqueira; polo LESTE, con camiño duns cinco metros de ancho que arrincando da travesía de Vilavella desemboca na rúa de Francisco de Federico, hoxe paseo da Xunqueira; polo OESTE, con outro río, chamado das Maceiras, que ven a fluír no ángulo que di entre o Norte e o Oeste co citado río Alvedosa.

INSCRICIÓN.- Inscrita no Rexistro da Propiedade de REDONDELA, tomo 775, libro 351 de Redondela, folio 156, finca 7901, inscrición 7ª.

REFERENCIA CATASTRAL.- 2313701NG3821S0001ZJ, segundo certificación catastral descritiva e gráfica obtida da Oficina Virtual do Catastro.

VALORACIÓN A EFECTOS FISCAIS:60.480,00 €.

Considerando que sobre a citada finca e na mesma escritura foi constituída unha servidume en favor da entidade "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", sobre unha porción de vinte metros cincuenta e catro decímetros cadrados (20,54 m²) destinada á localización dun centro subterráneo de transformación de enerxía eléctrica, ata a potencia máxima admisible da instalación, e unha rede de entrada de cables de media e baixa tensión, desde a rúa, así como saída, coas súas correspondentes canalizacións e arquetas, servindo este Centro de Transformación para alimentar as redes xerais de Unión Fenosa Distribución S.A. establecidas no sector amparando tamén a instalación de equipos de telecomunicacións.

Resultando que cómpre a inclusión da mesma como ben de dominio público no Inventario Municipal de Bens, de acordo co previsto no artigo 17 do RD 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aprobou o Regulamento de Bens das entidades locais.

Teño a ben propor ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa, a adopción do acordo de incluír no Inventario Municipal de Bens a citada finca como ben de dominio público/uso público desta administración.”

Intervencións:

.../...

Votación e ditame:

A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor (do PP) e 2 abstencións (1 do PsdeG-PSOE e 1 de AER), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO quere que sexa destinado a espazo de carácter público e disfrute dos veciños.

O Alcalde clarexa que dentro dos proxectos que se propoñen nos obradoiros prevese que se destine a disfrute público.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que no seu día AER posicionouse para a conservación da antiga casa de Unión Fenosa.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que se perdeu un momento de poder conservar un edificio que se puido adicar a outros servizos. Que esperan que se poida aproveitar o espazo para o seu disfrute en Redondela e darlle valor á zona onde está.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao concelleiro do PSdeG-PSOE que mentres gobernaron tiveron anos para solicitar a rehabilitación do espazo e para solicitar a cesión. E o PP fixo xestión coa propietaria Unión Fenosa para que o espazo sexa para o use e disfrute de veciños e veciñas de Redondela, xa que era un edificio que estaba en ruína. Preténdese acercar o espazo á beira do río para o seu disfrute.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO resposta á concelleira Amoedo Dasilva que na súa exposición esqueceu o custe que supoñeu a súa xestión.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que AER presentou a primeira moción xa fai moito tempo para a recuperación da zona e rehabilitando o edificio existente.

O Alcalde resposta que transcorreu moito tempo como consecuencia da dificultade da xestión.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que o Concello colaborou co 40% da operación, e que podería adicarse á reconstrución do edificio e a outros servizos públicos. Remata preguntando cal sería o proxecto que teñen previsto para esa zona.

A concelleira AMOEDO DASILVA que as outras cousas que se poderían realizar na zona respecto ao custe do terreo de 60.000 euros, sería a maiores desa cantidade, que a idea é achegar o río e viaduto aos veciños como se dixo no seu día na Comisión respectiva. Respecto á pregunta do concelleiro Cabaleiro Couñago do que ten previsto facer, resposta que poden preguntar ao equipo de goberno en calquera momento. Remata dicindo que nese espazo que pertencía a Unión Fenosa xa no seu día cando gobrenaban poderían ter feito algo e non o fixeron.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).



5. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 7.467,84 €

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión de data 21/04/2017 que dí:

“Vista a proposta da Alcaldía, de data 19 de abril de 2017, que transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 19 de abril de 2017, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 7.467,84 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic. Orzamentaria
Xealco	1294	15-03-15	203,28 €	1531A.22699
Xealco	1296	15-03-15	3,63 €	1531A.22199
Xealco	1295	15-03-15	6,90 €	1531A.22699
Xealco	1297	15-03-15	24,20 €	1701A.20300
Xealco	1490	31-03-15	24,20 €	1701A.20300
Gr. Gal. Catering Arelas, S.L.	MI16/82	19-10-16	980,10 €	3341A.22601
María Xosé López Regos	----	28-12-16	31,35 €	2311A.23120
Jonathan Martínez Fernández	----	06-02-16	78,66 €	1351A.23120
Irene Ríos Fernández	----	15-03-17	70,50 €	1321A.23020

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



FCC Aqualia, S.A.	----	04-01-17	943,80 €	3421C.4720000
FCC Aqualia, S.A.	----	04-01-17	755,04 €	3421C.4720000
FCC Aqualia, S.A.	----	12-01-17	825,82 €	3421C.4720000
FCC Aqualia, S.A.	----	27-01-17	3.267,36 €	3421C.4720000
Mesón O'Tella	16000002	28-06-16	253,00 €	3381A.22601

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP, e as abstencións dos grupos municipais do PSG-PSOE, AER e BNG, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que van votar a favor. Sinala que os informes do interventor reiteran que aparecen facturas sen proposta de gasto.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta que esas facturas son de servizos prestados, que o goberno sempre pretende que haxa propostas de gasto e que sexan fiscalizadas. Pero se non se ten claro no servizo o número que vai a asistir, ata que se comprobe non se pode executar a proposta.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ resposta que non cree que esta mención vaia adicada a este tipo de facturas, senon a unha forma de facer do grupo de goberno.

A concelleira AMOEDO DASILVA reitera que hai en cuestións nas que se poden facer propostas de gastos e outras ata que se faga o servizo non se pode, e logo se factura, polo propio funcionamento do Concello.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

6. Nomeamento do Persoeiro do Ano 2017

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Turismo na súa sesión de data 27/04/2017 que dí:

“Pola Presidenta da Comisión Informativa de Cultura e Turismo dase da conta da súa proposta de data 25 de abril de 2017, que transcrita dí:

“NOMEAMENTO DO PERSOEIRO DO ANO 2017

En data 12 de decembro de 2016, acordouse convococar o procedemento para a

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



elección dun persoeiro do ano 2017, que saliente polas súas achegas nos ámbitos cultural, científico, filántrópico, profesional ou calquera outro no que dalgunha maneira puidera ter contribuído tamén á mellora ou engrandecemento de Redondela, invitandos a todos os colectivos culturais inscritos no rexistro municipal de asociacións culturais e os centros educativos do Concello.

Recibidas as propostas formuladas, e reunida a comisión de avaliación constituída por esta Presidenta, con voz pero sen voto, e por persoas vencelladas ao movemento socio-cultural, que foron designadas polos grupos municipais, acordou, por unanimidade dos asistentes, propoñer a designación da Mestra Paulina..., na súa consecuencia, propónse ó pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

NOMEAR PERSOIRO DO ANO 2017 a MESTRA PAULINA SÁNCHEZ

A Comisión Informativa de Cultura e Turismo, en votación ordinaria por maioría dos seus membros, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado: votos a favor do Grupo Municipal do P.P (43%) e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (28%), e coa abstención do Grupo Municipal de A.E.R (19%); dictaminou favorablemente a Proposta da Presidencia anteriormente transcrita.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor debido a adicación que tivo a mestra cos nenos deste Concello.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG ten unha visión particular deste proceso, como xa manifestaron noutros anos e que con isto non cuestionan a figura da mestra Paulina Sánchez. Cuestionan o procedemento porque estase convertindo nun intercambio de cromos, xa que é unha cuestión moi delicada. Debería facerse a iniciativa do equipo de goberno e logo poñelo en coñecemento dos distintos grupos sociais e con discreción aportar o nome do candidato. Asistiron ás mesas que se convocaron no seu día pero non leximitan o procedemento. Di que o acto do último persoeiro nomeado, Telmo Bernárdez foi bochornoso. No seu día o BNG propuxo ás mulleres redondeláns que colaboraran en mitigar o sufrimento dos encadeados en San Simón e no barco Upo Mendi.

O concelleiro VARELA COUÑAGO está de acordo coa exposición do concelleiro do BNG, e vanse a abster na votación porque non están de acordo co proceso.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que non é bo que o nomeamento non sexa por unanimidade, non tería que haber abstencións. Di que o procedemento estase deteriorando, xa no ano 2015 co de Telmo Bernárdez, o inician en novembro e trasládase ao 2016, pero non se fixo ningún acto ata moi tarde. Non cuestionan ao persoeiro pero sí o procedemento. Elixen o persoeiro co 5 % das asociacións culturais de Redondela cando hai moitas máis, as asociacións teñen que facer propostas. Plantexa que deixen o asunto sobre a mesa. Remata preguntando cal foi o criterio da selección do persoeiro deste ano.

O Alcalde interveñe e pregunta ao señor Reguera Ocampo se pode asegurarse que todas as designacións que se fixeron no seu día polo goberno do bipartito foron por unanimidade, tal como dixo.



A concelleira PARIS BLANCO resposta que ao concelleiro Reguera Ocampo que estiveron traballando coas propostas e valorando cales cumprían, a designación lles pareceu interesante porque hai un equilibrio entre homes e mulleres no nomeamento. Ao concelleiro González Campo no seu día na Comisión respectiva dixo que non estaba de acordo co procedemento e non aportou nada. Resposta a todos respecto á celebración dos actos, di que o regulamento os define e deben aprobarse na Comisión de Cultura polo que non poden ser espontáneos, manifesta que hai seriedade no protocolo. Remata engadindo que o traballo debe facerse entre todos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO resposta á concelleira París Blanco que saben que hai un protocolo e orde en determinados actos. O BNG asume a responsabilidade que non van participar e votará en contra. Di que hai que dar unha volta ao procedemento. Non van apoiálo.

O concelleiro VARELA COUÑAGO reitera que nas comisións traballouse sobre as bases de cambiar o regulamento e lles dixeron que para o ano traballaríase doutra maneira e segue igual.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o grupo de goberno quedou en cambiar o regulamento neste ano e non o fixo porque non cren. O persoeiro forma parte da cultura de Redondela. A mestra proposta traballou no ensino público e non van cuestionar a súa figura. Vanse abster polo procedemento e sinala que se no próximo ano se seguen as mesmas condicións, van votar en contra. Di que se fagan reunións previas e que cheguen ao pleno con unanimidade. Non cren que é positivo que o persoeiro sexa con abstención por cuestionar o procedemento.

A concelleira PARIS BLANCO di que nas comisións deixouse claro e falouse polo miúdo do que se vai cambiar no regulamento. Non entende cómo agora o PsdeG-PSOE cambia o seu posicionamento porque na Comisión votou a favor. Resposta que as aportacións para traballar no cambio do regulamento as fixo AER e non o resto dos grupos da oposición. Remata solicitando a aprobación por unanimidade da proposta, e que a modificación do regulamento está en marcha.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 10 votos a favor (9 do PP e 1 da concelleira non adscrita) e 11 abstencións (6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

7. Actividades de control do pleno.

7.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda enterado das resolucións da alcaldía a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona.

7.2. Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

Concello de Redondela



7.3. Mocións.

7.3.1. Moción do BNG sobre creación dun “Obradoiro do Títere” (Instituto municipal do títere) en Redondela.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo BNG do día 20/04/2017 con número 5.789 que se transcribe a continuación:

“Entre o 16 e o 22 de maio vaise celebrar o XVIII Festival Internacional de Títeres de Redondela, Memorial Juanjo Amoedo. Un ano máis o noso concello, converterase en epicentro cultural do País, arredor dunha figura como a dos títeres, os monicreques, as compañías e un amplo espectro de membros da organización.

Dende o seu nacemento, o Festival converteu a Redondela nun dos referentes nacionais e estatais, ao longo de toda unha semana. A traveso da Asociación Xente Titiriteira, canalizouse o traballo e o esforzo de voluntarios e voluntarias, que permitiron que o Festival medrara e se mantivera ata a actualidade.

Ao longo dos anos ducias de compañías, centos de alumnos e alumnas, milleiros de persoas, pasaron polas rúas de Redondela. O Festival, converteuse nun “selo de identidade” do noso concello. Na presente edición, agárdase que ata 35.000 espectadores e espectadoras participen desta expresión da cultura popular, aglutinada arredor do mundo dos monicreques.

O prantexamento dos organizadores e organizadoras, pretende difundir unha cultura para todos e todas; unha cultura alternativa, que tendo aos cativ@s como principais obxectivos de formación, divúlgase para o conxunto da sociedade. Preséntanse actuacións novidosas, adaptacións, concertos, escenografías, participación na rúa.

Paseniñamente o Festival Internacional de Títeres de Redondela, foise afianzando como unha data ineludíbel no calendario cultural do noso concello. O paso de distintos gobernos municipais, non foi obstáculo para que se mantivera dita cita. Na presente edición, a aportación do Concello de Redondela, ronda os 47.000€, unha cantidade que se mantén conxelada nos últimos anos. Outras administracións, colaboran igualmente a Área de Cultura da Deputación, o AGADIC, ou o Ministerio de Cultura.

Chegados a este XVII Festival, dende o Bloque Nacionalista Galego, consideramos que se debe subir un novo chanzo no que esta cita cultural pretende, co fin de que, non só durante unha semana, senón o resto do ano, se manteña a presenza destes monecos, como selo de identidade de Redondela.

O mundo dos titiriteiros, no que a Redondela respecta, todavía está por explotar. Creación de novas compañías, maior difusión entre a poboación, participación en obradoiros e cursos de formación. Cómpre, que dende a institución máis beneficiada na consolidación desta nova cultural, o Concello, se respalde con novas iniciativas o mundo do Títere.

Dende o BNG, consideramos que se debe crear o denominado **Obradoiro do Títere**, que ademáis de manter unha exposición permañente do mundo do títere, da historia do Festival, serviría como banco de formación para o conxunto da veciñanza, ademáis de plataforma para apoiar a posíbeis novas compañías.

Este Obradoiro, serviría como apoio aos organizadores e organizadoras do Festival de Títeres, que vén como ano tras ano, principalmente grazas ao esforzo colexivo, este evento mellora en calidade, aumenta en número de visitantes, consolidándose na nosa



Programación Cultural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción dos seguintes **ACORDOS**.

1. Instar ao Concello de Redondela, á creación do Obradoiro do Títere (Instituto Municipal do Títere), que cumpriría as seguintes funcións:

- a) Sede permanente da exposición da Historia do Títere.
- b) Sede permanente da exposición da Historia do Festival de Títeres de Redondela.
- c) Obradoiro para a formación ao longo do ano do alumnado que así o desexe.
- d) Sede para a difusión de obras de títeres e titiriteiros.
- e) Instrumento para a promoción e apoio de novas compañías de titiriteir@s.
- f) Local de apoio ao Festival de Títeres de Redondela.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO na lectura da moción sinala que hai un erro material na data do encabezamento da exposición da moción, onde di do 16 ao 22 de maio, debe dicir do 15 ao 21 de maio.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que Redondela é vila con tradición titiriteria e felicitan a moción do BNG, van votar a favor.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que é unha moción interesante. Van apoiala, di que tiveron conversas coas asociacións e o que demandan é un local de traballo, xa que antes tiñan unha sala no Multiusos e foron desaloxados. A asociación leva tempo solicitando un técnico de cultura para a programación. Solicitan unha maior implicación e dispoñibilidade do Concello, di que hai problemas técnicos e de persoal. Solicitan que persoal do Concello adique máis tempo para traballar na preparación do festival, como así os poñen noutros actos. Solicitan que se asine o convenio con anterioridade. Aceptaron que se aprobaran as subvencións ás asociacións a cambio de que se traballara na moción que AER presentou en decembro e aínda se celebra agora o convenio. Solicitan que se engada na moción que teñan un lugar de traballo, un técnico de cultura e que se asine con anterioridade o convenio. Remata a súa intervención dicindo que hai unha carta presentada pola asociación e non tiveron coñecemento dela polo equipo de goberno.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que os títeres é a actividade máis imponente do Concello en canto a cultura. Parécelle importante a creación do obradoiro e tamén moi ambicioso, di que hai que contar con partida orzamentaria importante así como dun lugar dispoñible. Van apoiar a moción. Estiveron falando coa xente titiriteira e lles trasladan que antes tiñan un local do que facían uso, necesitan un espazo porque traballan todo o ano. Solicita á concelleira de cultura que lles ceda un espazo. Remata dicindo que se queixan da colaboración do Concello.

A concelleira PARIS BLANCO di que van absterse por prudencia. Parécelles pouco axeitado taer esta proposta porque necesita un traballo importante previo. Non saben do que están a falar porque descoñecen os custes, o persoal,.... Propoñe que se retire

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



a moción e que se traballe máis, que se faga un estudo para levar nos orzamentos do Redondela 2020, máis traballado e cara o futuro. Respecto ao local, di que no mes de outubro e novembro baleirouse porque estaba danado polo temporal e para arranxar. Dende xaneiro xa o tiñan a disposición unha vez arranxado. Respecto ao convenio estase preparando para asinar nestes días pendente de cousas puntuais por corrixir.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO resposta á concelleira que hai que ter vontade en cumprir a súa proposta. Lles gustaría que se empezasen con cousas pequenas e discretas, como un obradoiro do titiriteiro vencellado ao casco histórico de Redondela. Lle sorprende a carta dos títeres que ensina AER porque tiña descoñecemento dela, esixe ao goberno que lles manden máis información. Di que coa proposta se garante que siga a cultura dos títeres, aínda que sexa ambiciosa. Remata a súa exposición indicando que ten que ser o Concello quen mime e apoie a esta xente non eclipsando o seu traballo e con tempo.

A concelleira QUINTANS COSTOYA reitera que van apoiar a moción.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ entenden que é complicado buscar un lugar que estea destinado só para os títeres. Sobre o local que dispoñían, na carta da asociación, recolle que foron desaloxados no mes de outubro e que tería que terse ofrecido un lugar.

O concelleiro REGUERA OCAMPO puntualiza o que di o BNG que entende que non é cultura alternativa senon que é cultura con maiúsculas. Estes acordos son obxectivos que o equipo de goberno pode poñerse a curto prazo. Di que o PP non aportou nada á cultura de Redondela. Di que se pode traballar nesa idea. Remata dicindo que é o mellor festival de Galicia e unha das meliores do estado.

A concelleira PARIS BLANCO resposta que o goberno ten que ser valente pero prudente. Ten que ter unha deliberación previa, e uns informes de que se pode levar a cabo. Por eso propoñe debatilo noutro ámbito e incluso levalos ao orzamentos do Redondela 2020. Di que non se conxelaron as aportacións do Concello respecto ás axudas dos anos anteriores, tal como recolle a moción. As reunións cos representantes de xente titiriteira foron proveitosas. O vacío do local non foi sen previo aviso e ese local está a súa disposición desde xaneiro. Remata que o Concello os está apoiando. Van absterse na votación.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO resposta ao concelleiro Reguera Ocampo que é cultura alternativa porque non está dentro da que se está vendendo como a tradicional. Recoñecen que é un esforzo moi importante e sae dos canles normais que lles venden como cultura. Resposta á concelleira de cultura, cal sería o problema que hai respecto ao obradoiro de alumnos desde o punto de vista orzamentario, sendo sinxelo de por en marcha. Di que non o van apoiar porque non o van levar a cabo. Agradece as aportacións do resto dos grupos e acepta os engadidos propostos por AER, como puntos g) e h) dos acordos, quedando do seguinte xeito:

g) O Concello asine o convenio con xente titiriteira ao principio de ano.

h) O Concello de Redondela brinde apoio técnico e persoal necesario para desenvolver o festival de títeres.

O interventor interveñe facendo a puntualización de que o convenio se asina cando

Concello de Redondela



presentan a documentación correcta e que é difícil que sexa a principios de ano.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita coa corrección do erro material e coa incorporación dos puntos *g) O Concello asine o convenio con xente titiriteira ao principio de ano e h) O Concello de Redondela brinde apoio técnico e persoal necesario para desenvolver o festival de títeres*, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións do PP.

7.3.2. Moción de AER sobre “Punta Socorro”.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo AER do día 23/02/2017 con número 2.581 que se transcribe a continuación:

“Considerando o uso habitual que moitas persoas fan do denominado “paseo da Portela” e a importancia que supón para a cidadanía en xeral a recuperación dos espazos públicos así como a da recuperación da nosa historia a través do patrimonio.

Considerando que contamos cun espazo “público” na denominada Punta Socorro que no seu momento supuxo unha cesión de uso industrial e, que a día de hoxe, non ten actividade algunha que xustifique dita cesión.

Considerando o establecido na lei de costas no seu artigo 27: “

1. A servidume de tránsito recaerá sobre unha franxa de 6 metros, medidos terra adentro a partir do límite interior da ribeira do mar. Esta zona deberá deixarse permanentemente expedita para o paso público peonil e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

ACORDOS:

A) Solicitar da Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre:

1.- Restablecemento da servidume de tránsito no perímetro de Punta Socorro. Para o cal se adxuntarán os planos necesarios aportados polos técnicos municipais.

2.- Iniciar expediente de reposición do dominio público existente en Punta Socorro segundo estableza a cesión que no seu día se realizou.

B) Iniciar por parte do Concello os estudos pertinentes para poñer en valor o patrimonio industrial abandonado da zona mencionada.”

INTERVENCÍONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que van apoiar a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai dúas cuestións, xa que AER



desaproveitou a oportunidade de maior argumentación na moción, como os traballos da fábrica alí existentes e, o borde litoral de Redondela haxa un acordo para que se permita o acceso público a todos os veciños e veciñas de Redondela. Plantexan que se engada na moción tamén que dende a zona de Soutoxuste ata Chapela se liberalice esa zona. Di que hai outro patrimonio que tamén non se pode acceder. A xente de Redondela ten que coñecer o patrimonio de Redondela.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que o bipartito no seu día abriu espazos ao público, apostan pola recuperación dos espazos públicos. Respecto a levalo a toda a contorna do litoral que propoñe o voceiro do BNG está de acordo, xa que debería terse plantexado dunha forma máis ampla. Solicita ao voceiro de AER como á do PP se teñen algunha documentación para saber cómo está ese espazo legalmente.

A concelleira AMOEDO DASILVA entende que esta moción tería que retirala. Lles parece unha cuestión discrecional hacia unhas persoas e non xeral. Entenden que a intención é que falan dunha zona en concreto e no doutras. A competencia é de costas. Non a van apoiar xa que gobernan por interese xeral de todo o mundo. Remata respostando ao concelleiro Cabaleiro Couñago que hai información en costas.

O concelleiro CRESPO ABAL resposta á concelleira Amoedo Dasilva que non van en contra dunha familia en concreta. Solicitan unha servidume de tránsito, de interese de todos.

O Alcade chama á orde por primeira vez ao concelleiro Varela Couñago por intervir sen ter o turno de palabra.

O concelleiro CRESPO ABAL continúa a súa intervención referenciando os edificios que se sitúan dentro da zona. Aceptan o que lles propoñe o BNG.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO reitera que a moción tería que ter máis corpo. Pensan que o paseo debe ter continuidade, se hai posibilidade de que a liña de dominio público sexa para o todo Concello.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que non contestou se conta con documentación adicional. Propoñen un texto a AER para que o estuden se a incorporan como acordo na moción.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao concelleiro do PSdeG- PSOE que pode ter acceso ao expediente. Repite que é unha moción discrecional e non fai mención a toda a franxa.

Debido ás interrupcións, o Alcalde suspende ás 22.00 horas o pleno durante cinco minutos.

Unha vez reanudada a sesión, a concelleira AMOEDO DASILVA continúa a súa intervención, di que non é un ataque persoal senon unha cuestión política. Reitera que é unha moción discrecional xa que todo o litoral está ocupado. O PP vai votar en contra e piden que se retire, que se ten que dar unha volta se queren que sexa para todo o litoral, xa que falan só dunha propiedade.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están falando dun sitio especial, solicitan a recuperación da servidume de tránsito. Solicitan que se faga cumprir a lei. Non teñen



problema de pedir para todos. Aceptan o que plantexa o concelleiro do BNG, engadindo un punto 3.- no apartado A) dos acordos: *Restablecemento da servidume de tránsito na beiramar de todo o Concello de Redondela, entre Soutoxusto e Chapela.*

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO solicita a AER que se acepte a súa proposta literal, senon van absterse.

O concelleiro CRESPO ABAL lle resposta que a aceptan pero parte da mesma, o que o concelleiro do PSdeG-PSOE non acepta.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita coa incorporación do punto *punto 3.- no apartado A) dos acordos: Restablecemento da servidume de tránsito na beiramar de todo o Concello de Redondela, entre Soutoxusto e Chapela*, non se aproba, sendo 6 votos a favor (4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita), 6 abstencións do PsdeG-PSOE e 9 en contra do PP.

.../...

Ás 22.20 horas faise un receso, reanúdase ás 22.40 horas.

Retírase a moción do PsdeG-PSOE sobre o parque infantil de Chapela.

7.3.3. Moción do PsdeG-PSOE a cidade dos nenos.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo PsdeG-PSOE do día 26/04/2016 con número 5.606 que se transcribe a continuación:

“O Proxecto Cidades amigas dos nenos e nenas, promovido por Francesco Tonucci baséase en dous piares: que os nenos e nenas participen no goberno da súa cidade e que recuperen a súa autonomía mediante un deseño axeitado dos espazos públicos. Neste último aspecto, o sociólogo italiano propón a utilización dos camiños escolares como primeiro paso para actuacións máis globais.

O que se pretende con esta proposta é que o deseño dos espazos públicos teña os nenos e nenas como referentes das necesidades de mobilidade da cidadanía.

A adhesión do Concello de Redondela ao proxecto internacional do Consello Nacional de investigación “A cidade dos nenos” supón recibir información doutros países adheridos a través das súas prácticas dirixidas a gañar paso a paso os espazos urbanos para as persoas pero especialmente para os nenos e nenas e facer participe das nosas actividades a outros países. A adhesión a este proxecto, sen ánimo de lucro, non supón ningún tipo de gasto para os participantes.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte



ACORDO :

1. Aprobar a adhesión do Concello de Redondela ao proxecto internacional do Consello nacional de investigación "A cidade dos nenos".
2. Delegar no Alcalde a sinatura á carta de adhesión, segundo o modelo que obra no expediente do Consiglio Nazionale delle Ricerche e o Istituto di Science e Tecnologie della Cognizione.
3. Remitir este acordo á Deputación provincial de Pontevedra para poder establecer un traballo conxunto de asesoramento xestionado pola institución provincial."

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que van votar a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que esta moción está relacionada con outra que aportou AER fai meses. O obxecto son os cativos e cativas do país que son o futuro. Apostan por modelos deste tipo, e espazos de habitabilidade. Pon o exemplo da cidade de Pontevedra, abrir as cidades aos cidadáns, para poñer en marcha esta filosofía hai que ser valentes. Pensan que en Redondela tiveron a oportunidade con distintas medidas para mellora da calidade de vida e que o BNG quiso por en marcha con propostas. Engade que é unha medida para que se ocupen espazos públicos para que se poidan facer intercambios entre os veciños na rúa. Agradecen que haxa colaboración do Concello de Redondela.

O concelleiro CRESPO ABAL di que trouxeron a moción fai un ano de UNICEF. Vai na liña da súa e a van apoiar, pero espera que se faga algo porque coa que se aprobou non teñen resposta.

A concelleira PARIS BLANCO di que van apoiar esta proposta. Resposta a AER que mañá en Santiago terá lugar unha reunión para asinar o convenio UNICEF. Parécelles interesante o proxecto, van contar coa cooperación da Deputación e outros concellos.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que presentaron esta moción o 26 de abril do ano pasado, di que se o PP sabía o que quería facer o que tiña que facer é adherirse como outros concellos. Dende a Deputación chamouse para preguntar se se ían adherir e non contestaron, tamén se invitou para participar en conferencias. Coa moción de AER non se fixo nada ata agora e casualmente mañá se asina. Ningún Concello que se adheriu, foi por levar a oposición ao pleno a moción, todos o fixeron por iniciativa propia. Ten que adherirse. Remata solicitando que cumpran un acordo plenario.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que levan gobernando seis anos e hai espazos públicos, a necesidade é a humanización, que o cidadá se faga dono da rúa pero o PP non cree nesa filosofía. Está ben adherirse pero cree que vai ser un fracaso porque non o van a desenvolver. No seu día tróuxose unha moción de humanización da zona de Eidos e non se fixo nada. Non se traballou coas ANPAS, coa problemática da familia Canabal de acceso ao colexio,...

O concelleiro CRESPO ABAL di que cada vez que falan disto lles remiten ao plan de



xuventude. E a moción que trouxeron no seu día aínda non se fixo nada. Di que houberon dous erros, que o Concello non se adheriu directamente e que o PSdeG-PSOE non debatera antes esta moción.

A concelleira PARIS BLANCO con respecto á adhesión di que lle dixeron que tería que haber un acordo plenario. No Concello desde que se aprobou a moción de AER se fixeron traballos e incorporouse no plan de traballo de xuventude.

A concelleira RIVAS GÓMEZ resposta que os concellos que se adheriron o presentaron eles e non por petición da oposición, xa que teñe que ser o equipo de goberno quen o faga. Remata que se adhiran e que traballen. Dan as grazias ao resto dos grupos polo seu apoio.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

7.3.4. Moción de AER sobre ordenanza de circulación.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo AER do día 24/03/2017 con número 4.174 que se transcribe a continuación:

“Considerando a categoría do Concello de Redondela e as súas características diferenciais, entendemos que é obriga da Corporación Municipal elaborar unha ordenanza de circulación propia que concrete as determinacións xerais establecidas polas normas estatais.

Vemos como concellos de igual ou menor entidade que Redondela teñen feito esta adaptación. Xa non dicimos casos coma Vigo ou Pontevedra, senón outros como Moaña, Marín ou o mesmo Porriño.

Esta ausencia de ordenanza provoca unha clara discriminación dado que unha mesma infracción en Vigo se pague de multa menos da metade que en Redondela.

Entendemos que esta carencia será recibida polos demais grupos da corporación como asunto de interese xeral.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1.- O Pleno do Concello de Redondela acorda a creación dunha comisión específica adicada á redacción dunha ordenanza de circulación específica para Redondela.

2.- Dita comisión contará coa representación dos diferentes grupos da corporación, un mínimo de dous membros da Policía Municipal e o asesoramento dos servizos de Intervención e Secretaría.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoian a moción.



O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO pregunta quen va a aplicar esta ordenanza. Apostan polos peóns, o PP está deixando que os vehículos lles gañen a batalla aos veciños. En Redondela tal como está, calquera pode facer o que lle dea a gana. Están esperando por o plan de tráfico de fai anos. Pensan que coa ordenanza se axuda para que se recolla unha filosofía que no casco urbano de Redondela sexa a prioridade dos peóns.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que é de interese xeral e que está ben que se faga unha comisión para a redacción da ordenanza. Hai que facer un seguimento e non só aprobar a ordenanza.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que están de acordo en xeral con este escrito na moción. Preguntan cales son os obxectivos que se marcan. Fala do agravio comparativo con outras poboacións cercanas. Di que no expositivo parte non é verdade do que se fala. Respecto ao agravio comparativo das sancións, di que en Vigo a sanción é a mesma que a nosa, a sanción leve en Redondela é igual que en Vigo, e as graves e moi graves son as fixadas pola lei. En Pontevedra está ben regulado pero Redondela polas súas características non pode facer o mesmo.

O Alcalde sinala ao concelleiro VARELA COUÑAGO que xa hai creada unha Comisión que é a de interior.

O concelleiro VARELA COUÑAGO pregunta ao concelleiro González Barbeiro se vai traballar nalgún momento. Resposta que a moción é clara.

A concelleira QUINTANS COSTOYA resposta ao concelleiro González Barbeiro respecto a que debe investigar respecto á ordenanza de Pontevedra xa que a sanción está aínda en pesetas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO apoia a boa vontade da Comisión pero entenden que é un esforzo inútil porque o goberno logo non o aplica. O vehículo particular está gañando a batalla aos peóns. Van apoiar a moción.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que van apoiar a moción.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO resposra a AER que lles alegra que traballen na vontade de dar cumprimento das normas, espera que teñan vontade de chegar a acordos, en canto á convocatoria da Comisión en dúas semanas inentará concretar a data. Di que é un dos concellos máis baratos nas sancións leves. Di que casi todo está regulado, por recopilación da lexislación estatal ou autonómica, deixando pouca marxe na regulación local.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que no seu día se ía crear unha Comisión de plan de tráfico. Segue esperando. Non cumpren as ordenanzas que se aproban, como as das terrazas. Hai ordenanzas que están moi mal reguladas.

O Alcalde interveñe para indicar que a moción do PSdeG-PSOE sobre o parque infantil de Chapela. podería ir como segundo punto desa Comisión de interior.

VOTACIÓN E ACORDO:

Concello de Redondela



Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións do PP.

7.4 Rogos e preguntas.

PREGUNTAS:

1. Pregunta AER o a reubicación das asociacións con sede nas antigas casas dos mestres e no Multiusos da Xunqueira. (Rex. Entrada 02.05.2017, 2017-E-RC-6.307).

“-Visto que diversas asociacións teñen que deixar de ocupar as casas dos mestres da Avda. Mendiño de xeito inmediato pola realización de obras.

-Tendo constancia que a diversas entidades que comparten local no Multiusos da Xunqueira (onde contan con material para o correcto desenvolvemento das súas actividades, de claro interese xeral) se lles deixou sen acceso temporalmente nunha situación de incerteza.

-Tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro das entidades ás que facemos referencia.

En virtude do anteriormente exposto realizamos a seguinte pregunta:

Que solucións se lle vai dar, de cara a súa reubicación, ás entidades que se atopan nas antigas Casas dos Mestres da Avda. de Mendiño que se están vendo obrigados a desalojar, e máis ás entidades sitas no Multiusos de Redondela, ás que o goberno local lles privou do local temporalmente que viñan empregando para as súas actividades? En que prazo se vai materializar a solución de dotar unha ubicación estable a estas entidades?”

Resposta: A concelleira AMOEDO DASILVA resposta que tivéronse xuntanzas previas con todos os colectivos e se lles explicou para amosar o interese do goberno de rehabilitar as vivendas e se puxo de manifesto que se fixera para ocupación temporal. Explicouse de xeito claro e conciso que poderían usar o Multiusos para o que precisasen, pero que os espazos tiñan que ser compartidos con outros colectivos, non pode deixarse a un único colectivo. E aos que tiñan material se lles puxo a disposición a biblioteca para que se consultase ese material. Recibirán unha comunicación formal.

2. Preguntas AER sobre tarifas para a subministración da auga. (Rex. Entrada 02.05.2017, 2017-E-RC-6321).

“Como ben é sabido, a potestade de fixar as tarifas para cobrar aos usuarios como receptores dos servizos de subministración de auga e rede de sumidoiros corresponde única e exclusivamente ao propio Concello titular do servizo; sen que esta potestade poida ser delegada ou estea suxeita a posibles pactos coa empresa á que se encomenda a prestación destes servizos.

A Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, Sección 2ª, do 12 de novembro de 2009, declara que as exaccións cobradas por unha empresa concesionaria do servizo, carecen da debida cobertura legal, se non é coa correspondente Ordenanza debidamente aprobada e publicada.

Así pois, tendo en conta o disposto polo Tribunal Supremo na citada sentenza e as reclamacións dinerarias feitas pola empresa concesionaria dos servizos de subministración de auga e rede de sumidoiros no Concello de Redondela (Aqualia



FCC UTE Redondela) aos usuarios, facemos a seguinte pregunta:

En que consisten os dereitos de RECONEXIÓN ou dereitos de SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, e en que ordenanza fiscal están recollidas as cuotas correspondentes a estes dereitos que lle está a reclamar a empresa concesionaria á veciñanza?"

Resposta: O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS resposta que é a empresa concesionaria se despraza ao inmovible e pecha a pase de auga, precinta e saca para a custodia. Cando hai unha reconexión, e non se cobra unha taxa.

ROGOS:

Rogo do PsdeG-PSOE sobre mantemento das rotondas situadas en Cedeira, Rande e Alto de Encarnación.

“As rotondas situadas en Cedeira, Rande e Alto da Encarnación levan tempo cheas de maleza, amosando unha clara falta de xestión para o seu mantemento por parte do Goberno Municipal do PP de Redondela.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

Que se inicien os trámites coas administracións pertinentes para o mantemento das rotondas situadas en Cedeira, Rande e Alto da Encarnación.”

O Alcalde sinala que non hai falta de xestión polo goberno municipal xa que é competencia doutras administracións. No seguinte obradoiro van tratar de que teña como obxecto acondicionar as rotondas.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e corenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-